

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2020/11	A Xunta de Goberno Local

**DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	3 de novembro de 2020
<b>Duración</b>	Dende as 13:05 ata as 13:45 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

**ASISTENCIA A SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Aprobación da acta da sesión anterior: 27.10.2020****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 27 de

outubro de 2020.

**Expediente 552/2020. Aprobación facturas mobiliario e equipamento informático Viveiro de Empresas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, aprobou os gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan.

Descrición	Nom terceiro	Núm. Factura	Importe
MOBILIARIO VIVEIRO DE EMPRESAS	FERRETERÍA VALIÑO, S. L.	68620	9.159,00
EQUIPAMENTO INFORMÁTICO VIVEIRO DE EMPRESAS	CONTALOCAL, S. L.	881	10.862,52
TOTAL			20.021,52

**Expediente 742/2020. Aprobación factura liquidación camiño en Saidres.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros aprobou o gasto correspondente á factura que a continuación se relaciona.

Descrición	Nom terceiro	Núm. Factura	Importe
MELLORA CAMIÑO EN SAIDRES. LIQUIDACIÓN	CONTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.	416	10.552,28
TOTAL			10.552,28

**Expediente 1105/2018. .PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO) caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda por acordo adoptado en sesión celebrada en data 08 de agosto de 2018, para a construción dunha explotación de vacún de leite en Laxe-Oleiros, terreo con referencia catastral 36052A077001570000KE á empresa GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS, S.C**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Expte.- 1105/2018. Solicitud de declaración de caducidade da licenza concedida para a construción dunha explotación de vacún de leite en Laxe-Oleiros, pola XGL en data 08/08/20220

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/08/2018, polo que se concede licenza municipal de obra maior a GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS, S.C. para Explotación Vacún

de Leite, no lugar de Laxe, parroquia de Oleiros (Silleda).

Constando escrito presentado por José Antonio Alamancos Rozas, actuando en nome e representación da empresa Ganadería Presas y Alamancos SC, en data 20 de outubro, (RE 4151/2020), polo que solicita a caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda por acordo adoptado en sesión celebrada en data 08 de agosto de 2018, para a construción dunha explotación de vacún de leite en Laxe-Oleiros.

Visto o informe do técnico municipal César Pereiras Cambón, en data 18/09/2020, no que se expón que a construción non foi iniciada dous anos despois.

En base ao exposto pola Secretaría no seu informe de data 30/10/2020, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Incoar de oficio procedemento de caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda por acordo adoptado en sesión celebrada en data 08 de agosto de 2018, para a construción dunha explotación de vacún de leite en Laxe-Oleiros, terreo con referencia catastral 36052A077001570000KEá empresa GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS, S.C, por non haber iniciado as obras no prazo de seis meses establecido no artigo 359 do RLSG, aplicable ao non constar o prazo máximo para o inicio das obras no acordo de concesión da licenza.

Segundo.- Dar audiencia ao interesado por un prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a notificación do presente acordo, para que presente as alegacións, ou os documentos e xustificacións que estimen oportunos. Recordándolle que si antes de rematar o prazo manifesta a súa intención de non formular alegacións nin aportar documentos nin xustificacións, se terá por realizado o trámite.

Terceiro.- Comunicar ao interesado que o prazo de que dispón esta Administración para a resolución do expediente é de 6 meses dende o acordo de iniciación de oficio. E que calquera actuación que leve a cabo con esta Administración farase a través da sede electrónica, de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Expediente 1197/2020. Contratacións**

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 3 de novembro de 2020.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Expte. - 1197/2020. Aprobación "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLANCONCELLOS 2020-2021".

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro, Román Gómez Fraiz, en maio de 2020, denominado: "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA", por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros máis 43.388,43 euros de IVE).

Visto que esta actuación está subvencionada pola Deputación Provincial de Pontevedra no PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020 (líña 1)).

Vista a Providencia de Alcaldía de data 28/10/2020 na que se indica a conveniencia de iniciar o procedemento de contratación polo mal estado dos camiños e para evitar o empeoramento do tempo, solicitouse a o inicio do procedemento de contratación de xeito paralelo ao procedemento de aprobación do proxecto, non podéndose aprobar en ningún caso o expediente de contratación de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP ata a aprobación do proxecto de obra, que será incorporado ao expediente.

Non consta proxecto aprobado nin acta de replánteo previo debéndose incorporar a mesma antes da aprobación do presente expediente.

Non consta proxecto aprobado nin acta de replánteo previo debéndose incorporar a mesma antes da aprobación do presente expediente.

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación desta obra descrita no proxecto de execución.

Constando no expediente informe de secretaría nº 026/2020 de 28 de outubro, e documento contable de retención de crédito con cargo a partida 151.61901 de data 30/10/2020.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de obras denominado "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA", por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros máis 43.388,43 euros de IVE), por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación.

Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Que se incorpore ao expediente de contratación o proxecto de execución da obra, así como a acta de replánteo previo, e tódalas autorizacións sectoriais preceptivas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación e á apertura do procedemento licitatorio.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**